

# Un informe sinala a importante xeración de emprego da cultura en Pontevedra

O documento achega outros datos do sector no Concello e a súa área de influencia

📅 13 / 10 / 2021 / 👤 Santiago. Redacción

/ 📁 [Sociedade \(tematica.php?tematica=Sociedade\)](#)

/ 📁 [Políticas culturais \(tematica.php?tematica=Políticas culturais\)](#)



Carme Fouces e Pedro Figueroa na presentación do informe

**A** As conclusións do 'Informe do sector cultural no Concello de Pontevedra' que o grupo de investigación G4+. Desenvolvemento Estratéxico: Organizacións e Territorios desenvolveu para a Concellaría de Cultura deitan como resultado que a cultura é o sector que máis emprego xera na cidade de Pontevedra e na súa área de influencia no sector privado.

O documento sinala a existencia de 80 empresas, 61 delas no municipio, cunha facturación de preto de 157 millóns de euros e un “valor engadido” doutros 40, que contan con 765 empregados e empregadas. O sector xera, segundo este informe, ata 2.175 postos de traballo, a meirande parte deles (1.410) en réxime de autónomo. O profesor da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación Pedro Figueroa, director deste grupo de investigación, presentou xunto coa concelleira de Cultura, Carme Fouces, un documento que tiña como obxectivo compilar e analizar información sobre os ecosistemas do sector cultural no concello e o seu impacto económico, laboral e social”. O informe achega tamén información sobre o uso do galego, o Camiño Portugués e os hábitos de compras culturais, así como sobre a formación.

A análise abrangue os "subsectores" da creación, produción, fabricación e distribución e difusión de bens e servizos culturais. No caso das empresas, este último representa a maior porcentaxe de facturación, máis de 100 millóns de euros. Segundo os datos recollidos, Pablo Méndez Compañía de Performance é a empresa con maior volume de negocio no ámbito da creación artística e cultural, mentres que Bambú é a empresa que máis factura na área da produción, Gráficas Anduriña na de fabricación e Arnoia na de distribución e difusión. Asemade, o documento recolle datos do patrimonio cultural da cidade, arquivos e bibliotecas e infraestruturas así como dos eventos culturais de programación anual en Pontevedra, considerados como actividade permanente e que

suman case 350 actividades. No relativo aos espazos para a cultura reconece 72 infraestruturas, con 381 espazos, que sumarían no seu conxunto un aforo de máis de 38.000 persoas.

Ligazóns

[🔗 INFORME COMPLETO - UVIGO](#)

([https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/events/202110/2021\\_Informe%20Sector%20Cultural%20Pontevedra.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/events/202110/2021_Informe%20Sector%20Cultural%20Pontevedra.pdf))

---

## HOXE NA NOSA EDICIÓN



Un informe sinala a importante xeración de emprego da cultura en Pontevedra (noticia.php?id=33005)

(noticia.php?

id=33005)



Olga Cameselle gaña o premio a mellor actriz en Estambul por 'Serva me servabo te' (noticia.php?id=33004)

(noticia.php?

id=33004)



Unha BD colectiva aborda a memoria histórica en San Simón (noticia.php?id=33003)

(noticia.php?

id=33003)

Lucía Durán gaña o Concurso de Poesía Filomena Dato (noticia.php?id=33002)



O pasamento de Paco Pestana causa consternación na cultura do país (noticia.php?id=33001)

(noticia.php?

id=33001)

---

**culturagalega**

Consello da Cultura Galega.

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)

Tfno: 981957202 | Fax: 981957205 | e-

mail: [redaccion@culturagalega.org](mailto:redaccion@culturagalega.org)